


O ESPIGONCIÑO

Letras



Galegas

Álvaro Orizales Martínez 6ºA

O ESPIGONCIÑO



Este ano, coma todos os anos, celebramos o día das Letras Galegas, que é o 17 de maio. Celébrase dende o 1963, fai moitos, moitos anos, para conmemorar a publicación do libro de Rosalía de Castro "Cantares Gallegos", un 17 de maio de 1863 e de paso honrar a algún escritor en lingua galega.

Cada ano adícase a un escritor ou escritora. O ano pasado tocoulle a Xosé María Díaz Castro, pero este ano tócalle a un señor moi importante: Xosé Fernando Filgueira Valverde

Xa o sei, ten un nome un pouco longo.

Queredes saber por que é importante?

Foi historiador, político e escritor. Ademais foi un dos fundadores do Seminario de Estudos Galegos e, aínda que non o pareza, foi director do Instituto Padre Sarmiento e do Museo de Pontevedra. Presidiu o Consello da Cultura Galega e foi membro da Real Academia Galega

Os nenos e as nenas de Cariño facemos un xornal adicado ás Letras Galegas. Tamén os nenos de infantil fixeron debuxos para o xornal. Todos os nenos e nenas do escolar fan un debuxo para o concurso de portadas e contraportadas, e gañan os máis bonitos. Tamén imos ver moitas máis cousas inxeniosas e divertidas.

Agora que xa sabedes máis cousas deste día, desexámosvos un feliz día das Letras Galegas.

Paula Varela, Antia Pita e Marta Pérez 5ºB


SUMARIO

Diario de aula: Infantil 3 anos	5
Diario de aula: Infantil 4 anos	8
Contos: Infantil 5 anos.....	10
Diario de aula: Infantil 5 anos	12
Diario de aula: Terceiro	14
Diario de aula: Sexto	18
Obradoiro: “Un mar de luces”	21
Obradoiro: Facemos unha vidreira	24
Obradoiro: Atrapando sombras	26
Contos e poemas: Cuarto A	28
Equipo de Dinamización da Lingua Galega.....	32
Letras Galegas: Xosé Fernando Filgueira.....	34
Xentes de Cariño polo mundo	36
Entrevista: Manuel Otero	38
Biblioteca	41
Rapeando por Cariño	45







DIARIO DE AULA: INFANTIL 3 ANOS



Os nenos
e nenas
de 4º
de infantil





desexan





AINHUA



IAN




NATALIA



CARMEN

BO

VERÁN



MAMUUEL

Alumnas e alumnos de E. Infantil 3 anos




DIARIO DE AULA: INFANTIL 4 ANOS

CANTAS ACTIVIDADES FIXEMOS NO TERCEIRO TRIMESTRE!

VISITAMOS VARIAS VECES A CASA DA CULTURA, DISFRUTANDO DE ESPECTÁCULOS DE TÍTERES, MÚSICA, MAXIA E LIBROS.



NO DÍA DO LIBRO, OS GATOS INVENTAMOS UN CONTO:




E DE SORPRESA VISITOUNOS MULTILEO, XA NON NOS ASUSTAMOS E LLE DAMOS A MAN!



TAMÉN VISITAMOS A FÁBRICA DE CONSERVAS "LA PUREZA"



E PARA REMATAR IMOS DE EXCURSIÓN A GRANXA DO SOUTO.
QUE ILUSIÓN!



Alumnas e alumnos de E. Infantil 4 anos

CONTOS: INFANTIL 5 ANOS

A LÚA É A ESTRELA

A LÚA BRILLABA NA ESCURIDADE

PERO TAMEN ESTABA LHORANDO,

ENTÓN VEU UNHA ESTRELA E

PREGUNTOULLE: POR QUE

ESTÁS LHORANDO? A LÚA PAROU

DE LHORAR E EXPLICÓULLO

TODO. DIXOLLE QUE NON TIÑA AMIGOS

E ENTÓN A ESTRELA DIXOLLE

SE QUERÍA SER A SÚA AMIGA. O

FINAL AS DÚAS AMIGAS FÓRONSE

O PAÍS DE NUNCA XANÁIS PARA PODER

DAR LUZ CON DE MÁIS ESTRELAS E XOGAR

CON CAMPANILLA QUE TAMÉN ESTABA

VA ANDO POLO CEO.



5 ANOS A



O VAGALUME E O SOL

HABÍA UNHA VEZ UN VAGALUME
QUE NON ILUMINABA. ENTÓN
PIDIULLE AXUDA AO SOL.

DOUS RAIOS DE SOL ESTIRÁRONSE E
TRANSFORMÁRONSE EN BRAZOS E
MANS, E INTENTARON

ALCANZAR
O VAGALUME, FREGARON A SÚA COLA
AO CHEGAR A NOITE XA ILUMINABA.

E COLORÍN COLORADO



E.I. 5 ANOS B

DIARIO DE AULA: INFANTIL 5 ANOS

OS MEUS TRES ANOS EN INFANTIL



Pasamos tres anos en infantil (2012- 2015).

Cantas cousas bonitas aprendemos e canto nos divertimos.



logramos pintar, aprendemos cancións e a bailar, cos nosos amigos xogamos sen parar e pasámolo xenial.

Agora xa crecemos e hai que estudar números e letras vannos a ensinar.

pero nunca poderemos esquecer aos amigos que deixamos atrás. que pronto connosco estará



Alumnas e alumnos de 6º de E. Infantil

DIARIO DE AULA: TERCEIRO.

Actividades realizadas de aula e ciclo:

Na nosa aula temos plantados chícharos; algúns naceron ao primeiro intento, pero outros, tivemos que volver a plantalos.



Tamén fixemos outra actividade conxunta en dous maceteiros grandes: plantamos cenorias e leitugas. Como non somos expertos agricultores, botamos demasiadas semillas de cada, e, por iso brotaron todas xuntas.

Á esquerda están as cenorias e leitugas e á dereita, cebolín.



Ademais, estas últimas semanas, temos novos "inquilinos" na aula! Son vermes de seda. Para telos en boas condicións, algúns alumnos/ as fixeron un pequeno traballo de investigación sobre este bichiños!



Fai un par de meses comezamos un pequeno proxecto no laboratorio sobre a luz e as plantas, aproveitando que estamos no "Ano da Internacional da Luz". Tivemos que intentalo varias veces, e, ao final, cambiamos a semente do chícharo por unha faba; polo que aínda non vimos o proceso completo.

O proceso era o seguinte:



- 1) Deixar a remollo a semente un día.
- 2) Plantar a semente.
- 3) Colocar o vaso coa planta nunha caixa de cartón forrada con papel negro, con "trampillas" para que busque a luz.
- 4) Facerlle un burato enriba, para que a planta se oriente hacia arriba.
- 5) Tapar a planta e regala de cada dous días.
- 6) Observar como vai buscando a luz, facendo una "S", gravándoo.



Actividades realizadas no 2º ciclo E.P:

Visita á Cetárea "A Balandra" e á Fábrica de conservas "La Pureza";
Divididos en dous grupos, visitamos por un lado, a Cetárea, onde nos ensinaron os exemplares de marisco dos que dispoñían, e polo outro lado, a visita á Pureza, visitando as instalacións, e degustando algúns dos seus produtos.

Visita do escritor Manuel O' Rivas: fíxonos pasar un rato moi divertido, presentando o seu libro "O raposo e a mestra", disponible na Biblioteca. Asinou moitos autógrafos para todos/as!



Actividade realizada en artística e Linguas: con acetatos pintados con ténpera e acuarela, imitando obras do pintor Leandro Lamas, entre 3º e 4º fixemos "A casa da Luz", para homenaxear á escritora Paula Carballeira, que estivo no centro, presentando o seu libro "Casas". Grazas a dispoñer de exemplares do libro na Biblioteca, puidemos facer este traballo. Tamén fixemos a descrición da casa en sí, das persoas que alí vivían e dalgunhas cousas que poderían ocorrer habitando nela.




Día do Libro 2015: Para conmemorar esta data, o alumnado de 3º cantoulle unha canción dos Bolechas ao nenos/as de Educación Infantil, caracterizados coma eles, seguido de varias lecturas de dous libriños (disponibles na Biblioteca). "Os Bolechas queren saber... (como é un día de escola, e como funciona a Biblioteca)".



Actividade no Auditorio Municipal: Da man da "Asociación Musical Musicreques" asistimos á un espectáculo musical de títeres.



Tamén no Auditorio, vimos a actuación: Migallas, con "Pan de Millo", moi divertida.



Alumnas e alumnos de terceiro

DIARIO DE AULA: SEXTO.

VIAXE DIDÁCTICA A SANTIAGO DE COMPOSTELA


Os alumnos de 5º e 6º fomos de excursión o 24 de Abril a Santiago de Compostela. Saímos de Cariño ás 8 da mañá, pasando a recoller ó resto dos compañeiros polas diferentes paradas do pobo.



A primeira visita foi no Parlamento de Galicia. Este atópase no Pazo do Horreo, que antiguamente fora a facultade de veterinaria, e logo unha instalación militar ata que pasou a ser o que é hoxe actualmente.

Vimos case todas as salas do Pazo, dende as salas dos grupos políticos, ata a Sala dos Reis, na cal había uns grandes retratos tanto dos reis coma das raíñas de España. Despois fomos á biblioteca, onde había miles de libros. Fixemos un pequeno xogo que consistía nun debate, no que varios compañeiros expoñían un tema e os outros llo discutían. Alí déronnos un libro moi interesante. Tamén poidemos ver un debate en directo, a través das cámaras que están instaladas en todas as salas. Finalmente entramos no hemiciclo, e poidemos sentar nos sillóns dos parlamentarios e incluso subir ó estrado onde expoñen as súas propostas ante todos.

Antes de comer, visitamos o Museo de Historia Natural. É un edificio de dúas plantas moi amplas. Recolléronnos os abrigos e as mochilas, e visitamos a planta baixa. Alí atopábase a fauna. Había animais disecados de tódalas especies de diferentes hábitats. Na segunda planta estaban os minerais, donde os mais valiosos estaban expostos nunha gran caixa forte. Tamén atopamos rochas do noso pobo!! Eclogita de Cariño !!! Das rochas mais antigas do planeta!!



Comemos nunha residencia universitaria chamada Monte da Condessa. Tiñamos primeiro, segundo prato e postre, dos cales podíamos escoller entre varios. Comemos moi ben. Logo de comer tivemos un pouco de tempo libre polos xardíns e praza de alí fora.



Despois de comer, fomos a visitar o Museo Pedagógico de Galicia (MUPEGA). É un museo que está dedicado a mostrar como era a educación hai máis de cen anos. Daquela a ensinanza era moi distinta de como é agora. Os nenos e nenas facían xogos moi distintos ós de hoxe en día, con xoguetes que construían eles mesmos como as buxainas. As familias que tiñan mais cartos podían enviar ós seus nenos a unha especie de particular onde se xuntaban nenos de moi diferentes idades. Na escola os nenos e nenas estaban separados, e aprendían algunhas cousas diferentes os uns das outras. O que máis nos impresionou foi unha aula antiga que nos ensinaron, que pouco se parecía á que temos nós.

Fóra xa nos estaba esperando Adolfo co autobús para levarnos á Praza do Obradoiro, onde poidemos comprobar como estaban a restaurar a fachada da Catedral de Santiago. Tivemos 20 minutos para ver os rúas e prazas que rodear a Catedral, e para, como non, comprar algún agasallo. A continuación xa regresamos ó autobús que se atopaba na estación que está moi preto de alí, para facer a viaxe de volta, e chegar finalmente a Cariño sobre as 20:30 da noite.

VISITA DE MANUEL RIVAS AO CEIP MANUEL FRAGA IRIBARNE



Manuel Rivas Barrós, tamén coñecido como Manuel O'Rivas é un escritor, poeta, ensaista e xornalista galego. Naceu na Coruña, no barrio de Montealto o 26 de outubro de 1957. O pasado 8 de abril, visitou o noso centro para manter un encontro literario co alumnao de 3º, 4º, 5º e 6º curso de Educación Primaria e presentarnos o seu último libro de narrativa infantil “O raposo e a mestra”.

Viña acompañado de Cé, o home orquestra de Monforte, que se encargaba de reproducir os sons mentres Manolo contaba, cantaba, bailaba, interpretaba... o devandito libro, disfrazado do protagonista, o raposo Pindo.

O libro incluía cantigas en distintos idiomas (francés, alemán, inglés, italiano e galego) que os nenos aprendemos previamente para poder acompañar a Rivas o día da súa actuación.

Ademais de divertirnos a pequenos e grandes, con esta obra Manuel Rivas quería renderlle unha homenaxe ao Monte Pindo, que así se chama un dos protagonistas, polo grave incendio que o asolou no ano 2013 e á figura dos mestres polo cariño que nos dan e as cousas que nos ensinan.

Ao rematar respondeu ás preguntas que lle fixemos e asinounos autógrafos; aos que tiñan libro, no libro e aos que non, nun folio.

Foi xenial! Vaia dous homes máis divertidos! Todos o pasamos moi ben. Coidamos que conseguiron arrincarnos un sorriso a todos os que estabamos alí: nenos, nenas e...mestres:)

VISITA DE PAULA CARBALLEIRA AO CEIP MANUEL FRAGA IRIBARNE

Paula Carballeira é unha escritora, contacontos e actriz galega. Naceu en Maniños (Fene) o 7 de setembro de 1972. O pasado 29 de abril, estivo no noso cole para presentarnos o seu libro “Casas”. Neste libro Paula fala de distintos tipos de casas: a casa con patas, a casa de bonecas, a casa haima, a casa iglú, a casa de palla, a casa con piscina, etc.



Para escribir algúns dos capítulos do libro, Paula inspirouse en vivencias persoais e, para outros, botou man da súa increíble imaxinación.

Tamén nos falou da súa infancia, do que lle gustaba contarlles contos de medo aos seus irmáns pequenos, de canto lle berraba a súa nai cando os asustaba e de como comezou a escribir as súas historias.

Ademais falounos da súa carreira como actriz e mesmo nos contou unha historia de medo. Algúns nenos/as asustáronse de verdade, ata tiveron pesadelos. Pero... o medo que pasamos, compenouno co que nos fixo rir, rimos a gargalladas con ela. Foi moi divertido coñecela. Gustounos moito que viñera ao noso cole. Pasamos un intre moi agradable xuntos:)

LENDAS SOBRE O TOPÓNIMO CARIÑO

Despois da lectura do libro de Manuel Rivas, informámonos sobre a lenda do Monte Pindo. Entrounos a curiosidade polo tema das lendas e... investigando un pouco descubrimos dúas lendas sobre a orixe do topónimo do concello de Cariño, o noso pobo.

Unha das lendas conta que había un Señor que vivía nun castro ao que lle faleceu unha filla que foi enterrada nunha mámoa no cumio da Serra da Capelada.


Un bo día, posou navegando fronte ao Ortegá unha expedición mariña. Era Eth, o fillo do rei celta Breogán, que ía acompañado doutros corenta e nove xefes celtas na procura das terras de Irlanda. O Señor do Castro e os seus fillos uníronse a Eth e mentres marchaban pola boca da ría, miraron cara á serra para despedirse da rapaza morta cun: “Adeus cariño!”. E de aí o nome da vila onde vivimos.

A outra lenda, conta que por esta terra vivía só un matrimonio con dez fillas solteiras. Un día atoparon 13 náufragos aos que, por suposto, axudaron e levaron á súa casa. Entre coidado e coidado, fóronse namorando os uns das outras. Pero, como os homes eran trece e as mulleres dez, sobran tres, así que os mariñeiros botaron a sortes a ver quen debía voltar ao seu pobo de orixe. Os tres perdedores, ao ser preguntados de onde viñan, contestaron: “Da vila dos amores, onde todo é cariño”.

Aínda que na primeira podemos atopar un certo fondo histórico, parécenos as dúas bastante inverosímiles. Quizais sería interesante centrar a vindeira investigación en averiguar cal é a orixe etimolóxica do nome do noso pobo.



Alumnado de 6º



OBRADOIRO: UN MAR DE LUCES.

TEATRO NEGRO: UN MAR DE LUCES

O alumnado de 3º e 4º de EP do colexio representaron o día das letras galegas unha obra de teatro titulada *Un mar de luces*.

A característica fundamental da obra é que está baseada na técnica do teatro negro mediante a cal sobre un escenario totalmente negro e o uso da luz negra, un actor-manipulador, tamén vestido de negro, poderá facer aparecer e desaparecer calquera obxecto que sexa visible á luz ultravioleta do tubo fluorescente. Con isto algúns obxectos parecen cobrar vida propia.

Esta técnica xa se coñecía na Antiga China e máis tarde foi utilizada nos espectáculos dos magos. Na actualidade é aproveitada no cinema e na arte teatral.

É en Praga onde se atopa o berce deste tipo de teatro. Alí existen moitas compañías que se dedican e fan espectáculos exclusivamente baseados nesta técnica.

A trama da obra representada foi a seguinte: un barco pesqueiro de Cariño queda sen luz nos mares sul e poderá regresar ao pobo grazas á axuda e á unión dos animais mariños luminiscentes.

Antes da posta en escena toda a elaboración e preparación foi pasando por distintas fases que a continuación relatamos.

1º **Elaboración do guión.**

Este foi realizado polo profesorado tras levar a cabo co alumnado unha pequena investigación sobre algúns animais mariños luminiscentes, que se converteron en protagonistas da historia.

2º Gravación coas voces dos nenos e nenas da narración da historia co programa Audacity.

Así mesmo, no argumento da obra aparece unha pequena cantiga tradicional da que utilizamos a música adaptando a letra á nosa historia.

Para a preparación da cantiga contamos coa axuda de Ana Yáñez, profesora da Casiña da Música.

Despois de ter toda a narración e música gravada montamos todo o audio da historia co programa anteriormente mencionado.



3. Creación de personaxes.

Para a elaboración de todos os animais que interveñen no conto observamos as fotografías que deles puidemos obter na investigación inicial sobre os animais luminiscentes.

Posteriormente, entre todos, alumnado e profesorado, conseguimos crear uns fermosos bonecos. Utilizamos para isto material de reciclaxe, pinturas fosforescentes e outros tecidos, papeis etc...que tras distintas probas coa luz negra seleccionamos os que nos podían resultar idóneos para a posta en escena.




4º Montaxe de escenarios e ensaios

Para a montaxe do escenario tivemos que cubrir todo de negro, facendo unha especie de caixa desta cor.

Cubrimos as paredes frontais, laterais e o chan con teas negras; e colocamos as lámpadas especiais que emiten radiación electromagnética ultravioleta cercana, cunha compoñente residual moi pequena de luz visíbel. As lámpadas de luz negra fabricáanse xeralmente do mesmo xeito que as fluorescentes convencionais, excepto que utilizan un único fósforo, e en lugar do cristal transparente exterior empregan un cristal obscuro que bloquea a maior parte da luz visíbel.



Outro requisito fundamental para o teatro de luz negra é que os actores vaian vestidos de negro de arriba a abaixo de maneira que sexan invisíbeis coa luz negra. Como observamos nalgunhas destas fotografías só se ven os bonecos coas cores fluorescentes e brancas.



Alumnas e alumnos de 3º e 4º

OBRADOIRO: FACEMOS UNHA VIDREIRA.



Os nenos de 1º de primaria co motivo do Ano Internacional da Luz están a facer unha vidreira baseada no famoso cadro “O Guernica” de Pablo Picasso.

Eliximos este cadro por ser unha das obras do autor máis recoñecidas a nivel internacional e tamén polo reto de creatividade e imaxinación que supuña darlle un toque de cor a un cadro orixinariamente en branco en negro.

Como materiais empregamos unha lámina de metacrilato de 1m x 50cm e unha gama de cores para vidro de uso fácil que aplicaron directamente sen necesidade de pincel.

Os nenos e as nenas, un a un, foron pasando pola mesa de artesanía vidreira dándolle o seu toque de cor a un cadro algo complexo para a súa idade pero que souberon defender á perfección creando un resultado moi pintoresco.



Para realizar a vidreira empregamos pintura de vidro



Mateo e Lara moi concentrados pintando a vidreira.

O proceso de pintado levou moitas sesións xa que o cadro ten moitas cores diferentes, moitos detalles miúdos e só se podían pintar novas cores cando as anteriores estaban secas.

Aínda que o traballo non está rematado xa vai collendo forma e o resultado é máis que positivo. Algunhas das formas xa se distinguen perfectamente e iso que queda por facer todo o proceso de perfilado. Como anticipo mostramos unha imaxe do traballo na actualidade.



Vidreira en pleno proceso de pintado. Aínda queda perfilar e ultimar algúns detalles.

Esperamos que o resultado final sexa tan bo coma o entusiasmo e a ilusión que lle puxeron os nenos e nenas deste curso. Quizais sexa a primeira vidreira duns futuros artesáns do vidro. Nunca se sabe!

Alumnas e alumnos de 1º

OBRADOIRO: ATRAPANDO SOMBRAS

Definición de "sombra" segundo o dicionario galego. -

Sombra.- Substantivo feminino. 1. Zona máis escura que se forma cando un corpo opaco impide o paso da luz, en especial a do sol. 2. Falta de luz, en especial a do sol. 3. Zona menos clara, ou escura de todo, nunha superficie. 4. Forma pouco precisa de algo, do que só se perciben os contornos.

Moitas palabras poden ter máis dun significado. Neste traballo partimos da primeira definición. O noso corpo, que é opaco, impide o paso da luz do proxector e debuxa a sombra do noso perfil.




- Colocamos una cartolina negra fronte ao proxector acendido.



- Puxémonos de perfil entre o proxector e a cartolina (proxector á nosa esquerda, e cartolina á nosa dereita).




















- Queda a sombra proxectada na cartolina. Pasamos todos e todas de un en un para facer a nosa sombra.



- Marcamos con cera branca o contorno do noso perfil, e a recortar.

Velaquí as nosas sombras.. Cuspidiñas!!

 Alejandro	 Yeray	 Zoe	 Antonio
 Luis	 Carmen	 Dani G	 David
 Dani Y	 Alex	 Eric	 Marcos
 Iván	 Kiara	 Leonardo	 Naiara
 Anxo	 Laura	 Alba	 Sara

Alumnas e alumnos de 2º



CONTOS E POEMAS: CUARTO A

ESCRIBIMOS CON LUZ

A luz da mañá
entra pola miña ventá.

A luz do atardecer
indícame que me teño que recoller.
Pero xa cando chega a noite
apágase a luz e acenden os soños.

Claudia 4ªA




O poder da luz

Un neno chamado Xosé tiña medo á escuridade. Os seus amigos dicían que era un covarde, pero Xosé dicía que sen luz e con só escuridade non viviríamos.

Un día houbo un eclipse de sol e a escuridade e a luz estaban pelexando. Xosé animaba pola luz nesa competición, pero a escuridade era forte. A escuridade gañou e Xosé desanimouse, ademais estaba asustado. Ao cabo duns dez minutos a luz volveu a pelexar e gañou.

Ao final Xosé quedou tranquilo porque a luz gañou a batalla e os seus amigos asombráronse do poder da luz. Despois diso xa non volveron a chamarlle covarde.

David 4ªA



Yoel 4ª A

A luz que máis me gusta é a luz natural do sol. Unha das razóns de que a miña estación favorita sexa o verán e polo sol. No verán hai moitos días de sol e calor. Eses días gústame ir á praia, ir ao parque, xogar ao fútbol...

A luz do sol é moi beneficiosa porque nos aporta vitamina D.

Pero tamén nos pode perxudicar, porque pode queimar a pel. Para que iso non suceda hai que poñer crema protectora solar.



Daniel 4ª A

O meu Sol a miña Luz




Cristian 4º A

A luz solar

A luz solar é moi importante porque sen a luz non viviríamos. Sen ela as árbores e as plantas morrerían, e como as plantas e as árbores nos proporcionan osíxeno, nós tamén morreríamos sen a luz.

As plantas coa luz natural medran e miran sempre hacia a claridade, por iso ás veces as plantas que temos na casa medran sempre cara as fiestras.



Iria 4º A

A vila sen luz


Había unha vez unha vila na que non coñecían a luz, chamada "Vila Penumbra". Os seus habitantes eran moi pobres, vivían do campo e non coñecían as novas tecnoloxías.

Era un lugar moi aburrido xa que no inverno a noite viña moi cedo e non tiñan electricidade; polo tanto, carecían de televisión, da radio, dos ordenadores, etc. So se vían os candís iluminando as cousas e tamén os candís das rúas.

Pero un día apareceron uns viaxeiros, reuniron aos habitantes e déronlles a idea de crear a electricidade.

Para iso construíron: muíños de vento, paneis solares e unha presa no río. Todos colaboraron dunha maneira ou doutra.

Co traballo en equipo conseguiron facer unha central eléctrica, cambiando a vida para sempre da vila, e incluso o seu nome. Ágora chámase: "Vila Luz Radiante".



Bruno 4ºA

A luz

Se nos poñemos a pensar detidamente, sen a luz non poderíamos vivir.

Todo estaría a escuras e non se podería saber de que cor son as cousas, nin o que estaríamos tocando, nin poderíamos construír as casas, nin poderíamos ir polas rúas porque nos as poderíamos construír tampouco.

A luz facilítanos moito a vida, xa que sen ela non podería escribir isto. Por certo, tampouco habería tempo; non saberíamos nin a hora, o ano ...

Non saberíamos construír as cousas, e ao mellor non estaríamos nin aquí, no noso planeta Terra.

Celia 4ºA


O nacemento do Sol

Érase unha vez unha nena que ía facer os deberes, pero de súpeto viu un anaquiño de luz que entraba polo seu balcón.


Sorprendida, a nena correu hacia esa luz, para tocala e collela. Ese raio atrapouna e lanzouna moi lonxe ata o espazo.

Desde aquela foi crescendo, crescendo, e facéndose grande e redonda.

Así foi como naceu o sol.



Ana 4º A



A luz que entra polo tragaluz,



alumea ao andaluz

que está baixo a cruz.



No alto brilla o sol,

por iso neste día vai moita calor



e as rúas coas flores éñchense de olor.

Adrián 4ºA

Era unha vez un reino no que o sol nunca saía. Era un país moi triste e con pouca xente. A miúdo había pelexas porque a xente non se levaba ben, pelexaban os uns cos outros.

Un día chegaron uns novos veciños e coincidiu que ese mesmo día había unha forte pelexa.

Cando o novo veciño os viu pegándose, foi correndo a ver o que pasaba e preguntoulles:

- Por que vos pelexades no canto de ser amigos? Así deixariades de ser parvos.

Desde ese día o Sol saíu acompañado dun gran arco da vella. Nese reino nunca volveu haber pelexas; decatáronse que para ser felices e ter Sol, non deberían pelexar nunca máis.



Alex 4º A



Elisa 4º A

Antón é un neno de sete anos. Na súa habitación so tiña unha pequena lanterna que lle regalara o seu pai; era unha lanterna moi vella e non funcionaba moi ben. Pero a Antón servíalle para cando tiña medo na escuridade.

O seu pai era capitán de barco, e cada noite que estaba en terra, contáballe unha historia das súas viaxes. Esas historias era para que Antón non tivera medo pola noite, e tamén para que soubera o importantes que son os faros e as estrelas cando están no mar, e van guiando aos mariñeiros ata o lugar que queren ir.



Esas historias eran unhas historias moi fermosas das xentes do mar. El imaxinábase que no teito do seu cuarto había estrelas, que o guiarían toda a noite.

Alejo 4º A

Alumnas e alumnos de 4º A

ACTIVIDADES EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Como vén sendo habitual, un ano máis, coincidindo coa Semana das Letras Galegas, publicamos outro número da nosa revista escolar "O Espigonciño" e... xa van sesenta e cinco!!!

A continuación resumimos algunhas das actividades que programamos dende o Equipo de Dinamización da Lingua Galega:

A ONU proclamou o ano 2015 Ano Internacional da Luz e as Tecnoloxías Baseadas na Luz e dada a importancia que a luz xoga na nosa vida cotiá, esta temática estivo presente na maioría das actividades que organizamos no centro e, por suposto, foi motivo de inspiración para a elaboración dos nosos disfraces.

O venres, 13 de febreiro, tiñamos previsto realizar o tradicional desfile de **Entroido**, pero un ano máis as adversas condicións meteorolóxicas non nos permitiron percorrer o Paseo Marítimo e tivémonos que conformar con disfrutar da festa no pavillón Municipal.



O mércores, 8 de abril, **Manuel Rivas**, escritor e xornalista galego de gran prestixio, visitou o noso colexio para presentarnos o seu libro "*O raposo e a mestra*", ilustrado por Jacobo Fernández.

Canda Rivas viña Cé, o home orquestra de Monforte, que puxo a banda sonora, reproducindo con gran mestría diferentes sons: as baleas, os corvos, a chuvia...

Rivas contou, cantou, interpretou, bailou e...enfeitizou a pequenos e grandes coa súa obra. Ademais, asinou todos os exemplares con fermosas dedicatorias.



O xoves, 16 de abril, todo o alumnado do colexio asistiu á actuación de **Migallas Teatro** no Auditorio Municipal. Presentáronnos o espectáculo "Vai ser boa!" baseado no libro-disco "Pan de millo". Nel combínanse cancións con accións dramáticas relacionadas coa súa temática.

Os temas tratados foron varios: a alimentación saudable, o coidado das mascotas, a importancia da relación entre avós e netos, o coñecemento e respecto da natureza, a colaboración fronte á competición, a transmisión da lingua, ditos e cancións tradicionais...

Todos disfrutamos do traballo destes fenomenais actores.



Durante a semana do 11 ao 15 de maio celebramos a **Semana das Letras Galegas** coa realización de diversas actividades:

- Elaboración dunha presentación en PowerPoint para proxectar o día do festival co fin de dar a coñecer a vida e obra do autor homenaxeado: Xosé Fernando Filgueira Valverde.
- Elaboración dun tríptico para distribuír entre o alumnado e profesorado.
- Celebración do tradicional festival con actuacións de todo o alumnado de Educación Primaria.



O venres, 29 de maio, se as condicións meteorolóxicas o permiten, celebraremos o **Día da Árbore** coa tradicional plantación nun monte comunal.

Imos lucir unhas mochilas de poliéster nas que serigrafiamos o lema que resultou gañador da campaña que levamos a cabo a prol do uso do idioma galego.

Todos os lemas eran moi creativos, pero os gañadores foron os "Polbos", nenos/as de tres anos.

Equipo de Dinamización da Lingua Galega

XOSÉ FERNANDO FILGUEIRA VALVERDE

17 DE MAIO, DÍA DAS LETRAS GALEGAS, 2015



Xosé Fernando Filgueira Valverde, fillo da granadina Araceli Valverde e do médico galego José María Filgueira, naceu en Pontevedra o 28 de outubro de 1906 e faleceu, case aos 90 anos, o 13 de setembro de 1996.

En Pontevedra realiza os seus estudos primarios e de bacharelato, trasladándose posteriormente á Universidade de Santiago para seguir os estudos de Dereito, que remata co Premio Extraordinario. Nesta mesma época realiza estudos de Filosofía e Letras en Santiago e Zaragoza, cos que acada a titulación de doutor en Historia.

Traballou como profesor de Lingua e Literatura Española no Instituto de Pontevedra, levando durante moitos anos a súa dirección e organizando moitas actividades deportivas e un coro que recibiu numerosos premios. Pola súa dedicación ao ensino recibiría o alcume de “O vello profesor”.

Nos últimos tempos da ditadura franquista exerceu de alcalde da súa cidade natal durante nove anos.


Tivo unha actividade cultural moi importante: fundou o Seminario de Estudos Galegos (formado por estudantes e profesores da universidade de Santiago e adicado ao estudo e diivulgación do patrimonio cultural galego), dirixiu o Instituto Padre Sarmiento e o Museo de Pontevedra (do que foi fundador), presidiu o Consello da Cultura Galega, foi membro da Real Academia Galega, historiador, arqueólogo e escritor.

Á súa obra literaria é moi extensa. Na súa produción figuran o libro de relatos **Os nenose** a semblanza **O vigairo** o texto teatral **Agromar Farsa pra rapaceç** as antoloxías **Cancioneiriño de Compostela** e **Cancioneiriño novo de Compostela** ou o volume de prosas literarias **Quintana viva**

Porén, a maior aportación de Filgueira constitúena os seus traballos no campo da investigación. Moitas destas prosas, espalladas pola prensa diaria, foron recollidas polo autor nos nove volumes editados baixo o título xenérico de **Adral** As súas aportacións ao coñecemento da lírica medieval verían a luz en 1992 no libro **Estudios sobre lírica medieval: traballos dispersos.**

Este ano 2015 adícaselle o Día das Letras Galegas polo seu labor a prol da cultura e o idioma galego.

Poema sobre os maios escrito por Xosé Filgueira Valverde e publicado no seu libro **Adral** (1979) e caricatura feita polo seu amigo Castelao:




A FESTA DOS MAIOS

Rapaces de Mourente,
rapaces de Barcón,
vinde ver a Carracedo,
que fuxiu con San Simón.

Rouboulle a camisa,
rouboulle o pantalón,
deixouno en cirolas
que metía compasión.

Viñeron os de Vigo
á Virxe do Camiño,
e Carracedo
todo lles estaba oíndo.

Veú San Simón,
zorregoulle un bofetón:
e ti gran puñeflero
disparaches o cañón.



Equipo de Dinamización da Lingua Galega

XENTES DE CARIÑO POLO MUNDO.

Preguntas para...



Diego Santiago Prieto

(Ex-alumno do colexio e estudante Erasmus en Italia o curso pasado)

Hola Diego! Sabemos que estudaches neste cole. Agora estudas na universidade e estiveches en Italia cunha beca Erasmus. De Italia, coñecemos a torre de Pisa e aos romanos. Sabemos que é un país que ten forma de bota. O avó de Naiara é italiano.

Preparamos estas preguntas entre todos. Cóntanos como che foi..

E- Dinos que estudas e cantos anos tes.

D- Pois estudo o Grao en Enxeñaría eléctrica e teño 26 anos.

E- En que podes traballar cando remates a universidade?

D- Podo traballar en centrais eléctricas, nalgunha empresa de deseño de redes eléctricas, transporte de enerxía, instalacións eléctricas de edificios, e case todo o que está relacionado coa electricidade..

E- Que é unha beca Erasmus?

D- Unha beca Erasmus é unha axuda, tanto económica como administrativa, que dá o Estado para que podas facer un ano dos teus estudos noutro país da Unión Europea.

E- En que cidade de Italia estabas? Explicanos como era, se había edificios altos, se tiña mar..

D- Estiven en Turín, unha cidade no norte de Italia, próxima a Milán. A cidade era bastante bonita, tiña moitos xardíns, algún que outro edificio alto si jejeje, aínda que tiñan case todos a mesma altura, unhas 7 plantas máis ou menos, e isto é porque se di que non pode superar a altura da **Mole Antonelliana** que é o símbolo da cidade. Nela está o **museo do cine**. A cidade non ten mar, o máis próximo é o Mediterráneo que está a 150 quilómetros máis ou menos, pero por ela pasa o río Po, que é o máis grande de Italia. Ademais, ós Alpes, hai un tren directo ó que se pode chegar en menos dunha hora para ir á neve a facer ski ou snowboard.

E- Moi ben... En que medio de transporte viaxaches hasta alí?

D- Fun sempre en avión, por comodidade e porque era moito máis barato.

E- Vivías nunha casa ou nun hotel? Tiñas veciños cerca?

D- Vivía nun piso con xente que tamén estaba de Erasmus, xente de Galicia. E sí, os veciños estaban cerca, viviamos no sexto e os do quinto sempre estaban na nosa casa.

E- Fuches a algún outro sitio de Italia?

D- Si, estiven en moitas cidades, un ano dá para moito, e unha das cousas polas que se quere ir de Erasmus é para viaxar e coñecer outros países. Estiven en Florencia, Pisa, Bologna, La Spezia, Milán, Génova, Roma, Nápoles, Bari, e algunha máis... Tamén viaxei a Estonia e a Letonia.

E- Cantos sitios.. Seguro que coñeciches moitas persoas. Como te sentías entre a xente italiana? Foron amables contigo? Fixeches moitos amigos..?

D- Pois a verdade é que se coñece moita xente, durante todo o ano estás coñecendo xente. Donde estiven eu, había moitos españois de Erasmus, e ó principio xúntaste máis a eles, pero logo xa vas coñecendo xente de máis países. A xente italiana é moi alegre, moi parecida á española.

E- Foi difícil entenderte cos italianos? Entendías ben aos profesores?

D- Ó principio custoume bastante porque falaban moi rápido, e na universidade que estaba eu, había moita xente estudiando, xa que é das mais grandes de Italia, e entón había moita xente de toda Italia, con moitos acentos e formas de falar distintas, incluídos os profesores.

E- Aprendiches moito?

D- Si, aprendín bastante, aínda que cando máis estaba aprendendo xa tocou volver para España.

E- Cres que é moi distinto vivir en España e vivir en Italia?

D- En Italia, levántanse antes e durmen antes, comen antes e cean antes, creo que é a única diferenza.

E- Pódense comer ensaladas, ou só hai pasta?

D- A verdade é que en Turín a xente estaba moi concienciada con estar delgado, a xente facía moito deporte, tanto xente nova coma vella, e comían bastante saudable, a pasta e as ensaladas sempre eran o primeiro prato alí.

E- Botabas algo de menos algunha vez?

D- Si, ó principio sobre todo, botaba moito de menos á familia e os meus amigos.

E- Pareceche interesante estudar fóra de España? Por que?

D- Si, para min foi unha forma de coñecer outra forma de vida, e abrir a mente. Tiven que facer moitas cousas eu só, e facerme entender. Creo que axuda moito a madurar e a saber andar polo mundo.

E- Por último, cóntanos algún recordo do teu paso polo noso cole, cando eras un neno coma nós.

D- Acórdome moito dos recreos jajaj, as pachangas de fútbol. Gustabame moito ir á escola, e ver ós meus amigos. Tamén estudar, que daquela era algo máis levadeiro, jajaj

E- Pois que teñas moita sorte cos estudos e moitas grazas por contestar as nosas preguntas con tanta amabilidade!

D- Igualmente, un pracer.



Diego na Piazza San Carlo de Turín. Enriba, na Fontana di Trevi en Roma.

Alumnas e alumnos de 2ºA

ENTREVISTA.

MANUEL OTERO, DIRECTOR DO IES CABO ORTEGAL

Elixir ao entrevistado para este número do xornal escolar non foi difícil. Cando establecemos o primeiro contacto con el díxonos que o seu currículo para aparecer nestas páxinas era moi limitado. Non é tal: na súa persoa conflúe unha serie de circunstancias que o fan merecente de figurar neste xornal. Antigo alumno do colexio, fillo de profesores con probado compromiso con este Centro (o pai foi tamén director) e o primeiro profesional que accede á dirección do IES de Cariño tendo estudado no Colexio son méritos preferentes. A entrevista foi realizada por catro alumnos -dúas nenas e dous nenos- de 5º de E. Primaria. As preguntas que formulan están elaboradas por todos os alumnos deste nivel, así que a frescura e espontaneidade do diálogo están fóra de toda dúbida. Este é o resultado da entrevista que Manuel, con amabilidade total, nos concedeu na Biblioteca do Instituto.



- O ESPIGONCIÑO
M. Otero
- Gústache ser director? É difícil exercer o cargo?
Claro que si. É unha experiencia moi enriquecedora e non é difícil. Hai centros que son moi grandes e neles as complicacións aumentan. Este non o é e esta amplitude, sumada aos bos compañeiros que teño, facilita as cousas.
- O ESPIGONCIÑO
M. Otero
- Canto te nomearon director, que sentiches? Pensas seguir moitos anos como director?
Sentín ledicia, respecto e preocupación por facer ben as cousas. Tamén responsabilidade. Canto á miña permanencia no cargo, polo momento teño a ilusión de estar, alomenos, ata o 2019, que é cando remata o período para o que presentei o meu proxecto.
- O ESPIGONCIÑO
M. Otero
- Que diferenza o traballo de director co dos outros membros do equipo?
Cada integrante do equipo ten as súas responsabilidades, pero o director debe estar pendente de todo, coordinar, representar ao Centro, recibir xente...
- O ESPIGONCIÑO
M. Otero
- Cantos anos levas como director do IES? Cantos anos tés?
Este é o primeiro ano. Canto á miña idade direivos que teño corenta e un anos.
- O ESPIGONCIÑO
M. Otero
- Onde naciches? Onde vives?
Nacín en Ferrol, por circunstancias da profesión dos meus pais que, naquel entóns aínda non tiñan destino definitivo como mestres, pero pouco despois xa nos trasladamos a Cedeira, vila na que vivo.
- O ESPIGONCIÑO
M. Otero
- De que materias das clase?
Dou clase de matemáticas e das TIC, ou informática, en Bacharelato.
- O ESPIGONCIÑO
M. Otero
- Como son os teus alumnos?
Varían duns cursos a outros, pero en xeral son bos en comportamento e non teño malos alumnos.
- O ESPIGONCIÑO
M. Otero
- Paréceche algunha vez que os teus alumnos non te entenden?
Si, claro. Seguramente nalgúns momentos pode que non me entendan ben, pero acaban facéndoo porque son un pouco pesado e repito moito as cousas.
- O ESPIGONCIÑO
M. Otero
- Que é o que máis che gusta da túa profesión?
Como profesor e como director, o que máis me gusta é o trato cos rapaces e coas familias. E transmitir cousas que os alumnos non saben. Ensinar encántame.

- O ESPIGONCIÑO
M. Otero Cambiarías algo do Instituto?
Sempre hai algo que mellorar ou algo que reformar, pero non porque o Instituto estea mal. Os anteriores directores fixérono moi ben pero sempre queda algo. Por exemplo, gustaríame contar cun salón de actos que hoxe non temos.
- O ESPIGONCIÑO
M. Otero Que tal che foi no Colexio?
Foime sempre moi ben. A verdade é que, academicamente, sempre saquei boas notas E persoalmente tamén o pasei ben. Téñovos que dicir que cando os meus pais souberon que se trasladaban para o colexio da Barqueira e mo dixeron pasei todo o camiño chorando. Logo tiven novos compañeiros e tamén foi ben, pero aquel día e aquela viaxe de volta para a casa lémbroos con moita tristura.
- O ESPIGONCIÑO
M. Otero Quen foron os teus profesores? Que lembranzas tes deles?
Tiven varios: Carlos, Raquel -miña nai-, Sara, Salustiano, Dulce... E teño moi boas lembranzas deles.
- O ESPIGONCIÑO
M. Otero Gustouche a túa experiencia no Colexio?
Si, claro que me gustou. Polo que vos dixen, foime moi ben. E ademais dos profesores que citei teño tamén unha lembranza especial para Mundo, o conserxe, así como non esquezo os bos momentos pasados no comedor escolar, coas encargadas da cociña Maruja e Luna.
- O ESPIGONCIÑO
M. Otero Como era o Colexio cando ti estabas nel?
Todo cambia co tempo. Agora nas aulas temos moitos máis recursos, máis avances tecnolóxicos, cambian as formas de ensinar e estudar e as instalacións son máis novas. Lembro que cando eu estaba no colexio nas aulas había moitos máis alumnos ca hoxe, pero era todo tamén moi familia.
- O ESPIGONCIÑO
M. Otero A que xogabas no recreo?
Como deporte, ao fútbol, pero tamén lembro que xogabamos á billarda.
- O ESPIGONCIÑO
M. Otero Sacabas boas notas?
Si.
- O ESPIGONCIÑO
M. Otero Castigáronte algunha vez?
Seguramente algunha vez, pero non teño especial lembranza de ningún castigo.



Co seu irmán Agustín, unha filla dunha profesora e Xose, amigo de sempre.

- O ESPIGONCIÑO M. Otero Que asignaturas eran para ti máis difíciles? E as máis fáciles?
Non teño noción de atopar moitas dificultades . Ao chegar ao instituto, por citar algunha, a Filosofía ou a Física e Química, pero superábaas ben. As máis fáciles eran as que precisaban de menos estudo, como a Educación Física.
- O ESPIGONCIÑO M. Otero Estudabas moito para os exames?
Si, traballaba bastante e contaba tamén coa axuda dos meus pais, profesores os dous.
- O ESPIGONCIÑO M. Otero De novo, que querías ser?
Pois quería ser profesor, médico ou algo relacionado coa medicina.
- O ESPIGONCIÑO M. Otero É certo que os teus pais foron profesores do Colexio?
Si. Meu pai foi tamén director do Colexio de Cariño e, con posterioridade, tamén do da Barqueira.
- O ESPIGONCIÑO M. Otero Fuches alumno do Instituto?
Deste de Cariño, non. Rematei a EXB na Barqueira e fixen o bacharelato no instituto de Cedeira.
- O ESPIGONCIÑO M. Otero En que universidade estudaches?
Na de Santiago de Compostela.
- O ESPIGONCIÑO M. Otero Deches clases noutros institutos ademáis do de Cariño?
Si. En Castela-A Mancha dei clases nun instituto de Guadalajara. Logo, en Galicia e antes de vir a Cariño impartín clases en Cambados, Ferrol e Cedeira.
- O ESPIGONCIÑO M. Otero Que che dixeron os teus pais cando lles dixeches que ías ser director?
Animáronme a presentar o proxecto e, por suposto, axudáronme moito a tomar a decisión.
- O ESPIGONCIÑO M. Otero Se tiveses opción de elixir outro traballo, cambiarías ou seguirías como director do IES?
Non, agora non cambiaría o meu traballo.
- O ESPIGONCIÑO M. Otero Que tal é o rendemento dos alumnos que chegan do Colexio?
En xeral, bo.
- O ESPIGONCIÑO M. Otero Tes problemas de disciplina cos alumnos?
Sempre tiven a sorte de non ter excesivos problemas neste aspecto. E no que se refire a Cariño teño que dicir que non.
- O ESPIGONCIÑO M. Otero É axeitado o equipamento do IES?
En xeral, si. Pero é mellorable nalgúns aspectos. Como xa vos comentei, víñanos moi ben un salón de actos e ir repoñendo equipos informáticos que van quedando obsoletos. Sempre hai cousas por renova.
- O ESPIGONCIÑO M. Otero Mellorarías o sistema educativo do IES ou gústache como está na actualidade?
É unha pregunta de difícil resposta porque hai cousas que non dependen de nós, senón que temos que seguir unha normativa superior. Claro que todo é mellorable.

E así rematou a entrevista. Moitas grazas, Manuel, pola túa amabilidade e a túa atención. Desexámosche moito éxito no teu traballo e que sigas a tradición familiar do compromiso coa educación e con Cariño. **O ESPIGONCIÑO** naceu cando o pai era director do Colexio.

Redactaron as preguntas:
Fixeron a entrevista:

*Nenas e nenos de 5º de E. Primaria
Manuel, Hugo, Ania e Uxía*




BIBLIOTECA.

Multileo pregunta e os alumnos responden...

Que libro recomendarías aos teus compañeiros?




A clase dos  non é quen de decidirse por un só libro así que nos fai varias recomendacións:



"El monstruo de colores" O monstro fíxose un lío coas súas emocións e haberá que buscar cores para identificalas.

*** Eliximos este porque nos gusta ver ao monstro namorado**




"A vaca que puxo un ovo" Unha vaca quere facer algo diferente para destacar entre as demais; pola súa simpatía e tristura será axudada polas galiñas


***Porque nos divirte moito e é moi simpático**



"Marasma, el tren fantasma" Atención, atención! O tren fantasma vai partir! Quen se anima a dar unha volta? Marasma da a saída.


*** Aínda que non da moito medo, resúltanos entretido.**



A clase dos  fainos unha única recomendación, todo un clásico...

A este grupo de nenos gústalles este conto "porque hai un lobo feroz e despois quéimano"



A aula das  escolleu **A casa da Mosca Choscapolos** seguintes motivos:

Vania: téño na casa e faime rir



Nahia: o oso quería comer toda a torta e faime gracia


Unai: porque é divertido e me fai rir

Pedro Miguel: gústame porque sempre que ían empezar a comer non podían porque viña outro animal


Pedro: a Mosca Chosca fixo o pastel e o oso quería comelo todo

Melisa: é gracioso



A clase dos  tivo moitas dúbidas pero finalmente o libro gañador foi **O paseo de Rosalía**. Algúns dos nenos contáronnos os motivos:

- **Noa:** era gracioso



- **Cristian:** o raposo estaba tolo

- **Sabela:** o raposo persegue á galiña

- **Alejandro, Patricia e Iván:** facíame rir



- **Xoel:** o raposo era tonto

- **Adrián Pita:** o raposo era patético

- **Paula:** era simpático

- **Saray:** ten unhas imaxes graciosas

En primeiro, **Carlos** recoméndanos **Peter Pan** A el gustolle porque ao Capitán Garfio lle molestaba o ruído dos reloxo e tamén porque ao capitán lle comeu unha man un crocodilo.





Tamén do primeiro curso, **Celia** recoméndanos **Caperucita Roja** ela conta que lle gusta este conto porque ao remate sacan á avoa do armario e matan ao lobo.

Os nenos de segundo, varios deles (**Luis** ou **Alejandro**) recomendan os libros dos **Bolechas** que din que son moi graciosos e divertidos.




As propostas de terceiro son moi diversas. **Sara** recomenda os libros do **Diario de Greg** conta que son moi graciosos e que traen moitas anécdotas divertidas. Por outra banda, **Erik** desfruta con **El libro de los dinosaurios** porque lle gustan moito estes animais.






En cuarto, **David Sierra** recoméndanos **O raposo e a mestra** segundo conta, porque lle gustan os raposos e lle divertiu o libro. **Jesica** aconséllanos ler **El secreto de las hadas de las nieves** porque é un libro extenso e cheo de misterios.



Cristian, tamén de cuarto de primaria, recomenda o libro **Secret Academy I. La isla Fénix** porque é divertido e **Elisa**, unha grande lectora, aconséllanos ler calquera libro da colección de Los Cinco especialmente **Los Cinco en el**

tesoro de la isla xa que é moi emocionante.



Andrea Breijo, de 5º de primaria recoméndanos ler un libro de Tea Stilton: **El tesoro del hielo**. A ela gustoulle por ser de aventuras e conter intrigas.

Carla e Ania, tamén de 5ª recomendan de novo os libros do **Diario de Greg**. Ademais de ser divertidos e conter simpáticos debuxos, gústalles porque conta cousas da vida da protagonista, historias persoais que lle ocorren a diario.

E, ata aquí, as vosas recomendacións. Animádevos a seguir lendo tamén durante as vacacións e vémonos en setembro!!!!

Lectoras e lectores



RAPEANDO POR CARIÑO

Nos tres aguillóns
vin os meus pés xigantóns.
Mirando ao Cabo Ortegal
de repente....un coral!!!

Isto é o peiral
nun pobo de mar.
Que rico sabe o polbo
cazalo e cociñar!!

Teño un aparello
teño un salabardo
pesquei un peixe vermello??
pesquei un peixe pardo!!

O outro día, fun pescar
e botei as redes, cara o mar.
Sete merluzas, quixen pescar
e unha delas,... tíroume ó mar!!!

Isto é Landoi
unha aldea de Cariño.
Aquí dase a mazá
e tamén o piniño.

Sismundi, fermoso
dende A Punta á Felgueira
cunha paisaxe esplendorosa
contemplando a ribeira!!!

Isto é a lonxa
para desembarcar.
A praia da Concha
co seu bonito mar!!!



No entroido,
bailase moito.
Cómense chaolas,
filloas... que gordos!!!


Curiosa e María,
traballa de cociñeira
gústalle a romería
alegría, María!!!!

Somos de Cariño, terra do Ortegal.
Un pobo moi fermoso, que pobo tan xenial!
Somos de Cariño, terra do Ortegal.
Tranquilo, bonito...é fenomenal!

Cerraron as conserveiras,
que había preto da praia
e fixeron unha praza
.....é a Praza da Jaia!!!!

No campo de fútbol
e no campín,
nos dous eu xogo ao fútbol
e tamén xoga Pedrín!!

Eu no espigón,
pesquei un tabeirón,
e en San Xiao,
pesquei un bacallau!!!



O bar dos vello
está preto do Concello
a paisaxe é moi bonita
no Paseo a xente brinca!!!!

O 16 de xullo, vaise celebrar
o Día do Carme en alta mar.
Espera un pouquiño, xa vai chegar
a Danza de Arcos para balilar.

A praia de Figueiroa
é moi boa.
A Laguna,
só hai unha.

A pista de padel
é xenial.
O polideportivo,
moi divertido.

Os gaiteros despois de tocar,
van a Fornos para descansar.
Danse un baño no fresco mar
e xa poden volver a traballar.

Somos de Cariño, terra do Ortegal.
Un pobo moi fermoso, que pobo tan xenial!
Somos de Cariño, terra do Ortegal.
Tranquilo, bonito...é fenomenal!

A miña rutina
é ir á piscina
e dar un paseo
polo Mazanteo.

No cobertizo
os xogos organizo,
Na Casa da Cultura
practicamos a lectura.

Cando veñas a Cariño,
visita Centeás,
pola Praza das Cadeas
seguro pasarás.

13 de xuño, San Antón,
a parroquia de A Pedra
celebra o seu patrón.

O 24 de agosto
Cariño está tolo
porque celebra
o San Bartolo.

Cando vas ao Campo
podes ver o mar.
Cando vas a Feás
comes nas mazás.

A nosa banda
toca na Miranda.
E a bandeira
colga na Basteira.

A nosa robaliza
parece que enfeitiza.
Os nosos mexillóns
medran nos Aguillóns.

Quixeran os de París
ter os nosos cantís
e divertirse na festa
bailando coa orquestra.


Na lonxa está o peixeiro
esperando polo pesqueiro.
Mentras unha redeira
traballa na ribeira.

Somos de Cariño, terra do Ortegal.
Un pobo moi fermoso, que pobo tan xenial!
Somos de Cariño, terra do Ortegal.
Tranquilo, bonito...é fenomenal!

Se queres comprar ameixas,
ao mercado acudirás.
Se o atopas pechado,
moi triste quedarás:(

Debaixo das maceiras,
na praia de Figueiras,
hai moitos percebeos...
máis dos que vedes!



Somos de Cariño, terra do Ortegal.
Un pobo moi fermoso, que pobo tan xenial!
Somos de Cariño, terra do Ortegal.
Tranquilo, bonito...é fenomenal!



Creación do alumnado de 6º para interpretar no Festival das Letras Galegas
co obxectivo de fomentar o uso da lingua galega e promocionar o seu pobo: CARIÑO.

O ESPIGONCIÑO, XORNAL ESCOLAR DO COLEXIO DE CARIÑO.

O ESPIGONCIÑO



XOSE F. FILGUEIRA VALVERDE

O ESPIGONCIÑO

FIGUEIRA VALVERDE



Subvencionado pola
Consellería de Educación e O.U.
Secretaría Xeral de Política lingüística

CEIP "MANUEL FRAGA IRIBARNE" DE CARIÑO - A CORUÑA